


PARA PARA NENOS DE 11 A 13 ANOS

DECÁLOGO INTERNET



Charla de Siro López

DECÁLOGO.



Internet é un lugar xenial onde podes falar con xente de todas partes e facer novos amigos e amigas, aprender cousas sobre calquera tema que che guste e pasalo xenial.

Pero esteas onde esteas cando navegas por Internet, hai xente de toda clase: algunhas con boas intencións e algunhas outras que quizais te poden enganar.

Por iso dámosche algúns consellos sinxelos que che axudarán a navegar máis seguro:

1. Non deas nunca o teu nome, dirección nin teléfono cando navegues por Internet. Tampouco envíes fotografías túas a descoñecidos.
2. Controla a túa lista de contactos de mensaxería instantánea e garda o teu contrasinal en segredo e non o deas a ninguén (nin sequera ao teu mellor amigo ou amiga). Alguén a podería utilizar e facerse pasar por ti.
3. Se fas novos amigos, explícao aos teus pais e preséntallelos.
4. Se queres quedar en persoa con alguén que coñeceras pola rede, pide permiso aos teus pais e que te acompañen cando vos atopedes.
5. Na rede hai moitísimas cousas boas, pero tamén hai algunha mala. Se nunha web atopas algunha palabra ou foto que che fai sentir mal, sal da páxina e non deixes que te moleste. Explícao aos teus pais ou mestres.
6. Participar nun chat pode ser super divertido, pero non quedes nunha sala de chats se alguén che fai sentir incómodo ou te molesta.
7. O correo electrónico e a mensaxería instantánea son uns grandes inventos. Pero para a túa seguridade, non abras nin leas mensaxes ou ficheiros que che envíe algunha persoa descoñecida.
8. Se queres comprar ou facer algo por Internet que poida custarlle diñeiro á túa familia, faino sempre co permiso e a axuda dos teus pais.
9. Os teus pais e ti sodes un equipo. Pódeslles ensinar a utilizar Internet e mostrarlles as páxinas web que visitas e qué fas cando navegas. Eles e os teus mestres, pódente axudar a seguir unhas pautas para que o pases ben e esteas seguro mentres navegas.
10. Cando navegues por Internet e algún amigo ou amiga che propoña facer algo, non o fagas se cres que aos teus pais non lles gustaría. Ti es unha persoa forte e responsable, e ás veces fai falta que lle digas a alguén "non" para que poidas facer aquilo que está ben.